

## PROCESO DE RESERVA DE PRAZA PARA O CURSO 2023-2024

Entre o 16 de xaneiro e o 4 de febreiro só presentará SOLICITUDE DE RESERVA o alumnado que cambia de etapa, é dicir o alumnado de 6º de Educación Infantil (actualmente matriculado no EEI Fina Casalderrey) que desexe reservar praza no CEP Marcos da Portela, e o alumnado de 6º de EP (actualmente matriculado no CEP Marcos da Portela) que desexe reservar praza no IES Luís Seoane.

O alumnado que non desexe reservar praza nalgún dos centros adscritos (IES Luís Seoane ou CEP Marcos da Portela) non ten que facer agora ningunha reserva, debe esperar a que se abra o periodo de admisión en centro non adscrito (máis ou menos en marzo).

O impreso para a solicitude de reserva facilitaráselle no centro de orixe (onde está matriculado/a o/a alumno/a actualmente) e **deberán entregalo no mesmo**, pero tamén poden realizar todos os tramites (obter o impreso de solicitude, cubri-lo, presentalo e consultar listaxe de admitidos/as) a través da aplicación [admisionalumnado](https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/).

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>

LEMBREN:

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE: entre o 16 de xaneiro e o 4 de febreiro.

LUGAR DE PRESENTACIÓN: centro de orixe (EEI Fina Casalderrey ou CEP Marcos da Portela)

DOCUMENTACIÓN:

- SOLICITUDE (ED550A) Non esqueza cumprimentar todos os seus Anexos.
- Copia do Libro de Familia ou documento acreditativo onde figure o/a alumno/a e os seus proxenitores.
- Documento acreditativo de representación (de ser o caso).
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento (de ser o caso).

LISTAXES DE ADMITIDOS/AS: serán publicadas o día 22 de febreiro (poderase consultar na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> ou no taboleiro do vestíbulo do centro).